


Recompondo un país magoado

XULIO VALCÁRCEL
xuliolv@gmail.com



No libro publicado por Laiovento, o autor achega unha proposta de cerna cristiá, integradora e indúlxente, ao servizo do pobo.

Entre abril do 2011 e febreiro do 2021 sitúanse os traballos, artigos, limiares e comentarios que Manuel Cabada Castro foi publicando en diversos xornais e revistas e que pola súa dispersión aconsellaban seren reunidos nun único volume. Tal propósito de axuste e fixación obedece á vontade do autor mais tamén á reiterada demanda de lectores interesados que non podían acceder aos mesmos.

Responden a maioría a apuntes, opinións, valoracións e comentarios sobre temas puntuais. Sendo plurais e diversos gozan de unidade no que atinxe a prantexamento e destino: Galiza nos seus aspectos históricos, políticos, sociais e culturais. Bate-mos así coa reivindicación da figura de Manuel Cabada Vázquez, falecido prematuramente en Linares (Xaén), onde exercía como profesor e director do Instituto Nacional, en 1936. Galeguista comprometido e coherente confesoulle á súa noiva no leito de morte: "Só sinto que o meu corpo non sexa enterrado na miña querida

Galicia", desexo que finalmente se cumpriu. No cemiterio da Codeseda (A Estrada) descansan os seus restos desde 1962.

"Nós también le sabemos falar en castellano", dixéronlle os adocenados feligreses a un crego que predicaba en galego, algo verdadeiramente excepcional, pois é sabido que a Igrexa foi, historicamente, un factor diglósico e dominante, alleo por completo ao sentir da xente humilde: "A Igrexa Galega non está ceibe de complicidade a respecto da presente situación da lingua galega (...) con demasiada facilidade se resignou a actuar como instrumento de colonización do noso pobo", recoñeceu monseñor Anxo Araúxo.

O noso idioma é, xa que logo, un tema recorrente en Cabada Castro: "O novo Papa e as linguas", "Eu sempre che falo en galego", "Deixar en paz o galego?" amosan de xeito nido a prostración e persecución do galego, ao tempo que salientan a necesidade do seu uso e normalización: "Un non acaba de crer como é posíbel que na utilización da nosa lingua, tanto na fala como na escrita, teñamos chegado tan abaixo", comenta, a propósito dun-

ha exposición sobre diversas institucións relixiosas, todas de expresión castelá, agás a dos Irmáns da Salle.

O papel da igrexa

"Sobre o castelanismo da Igrexa galega deica o Concilio Vaticano II, desde finais da Idade Media até a época contemporánea", é un estudo no que insire varias misivas e debates nos que se implicaron persoeiros da talla de Beiras García, Álvarez Gándara, Camilo Nogueira, Méndez Ferrín ou Augusto Assía.

Cabada Castro acóllese a unha perspectiva de base cristiá, indúlxen-

te, popular e integradora. Afastado, e ben afastado, do xesuíta Petronilo Nieto, implicado na represión franquista.

Capelán no presidio da illa de San Simón, ameazaba os internos desde o púlpito con diatribas cheas de rancor e violencia:

"Nestes tempos heroicos hai tres maneiras de morrer. No leito cando Deus nos chama para o seu seo; na fronte gañando honra e gloria para a Patria e na estrada (enténdase cunetas) como cans rabiosos...". Un crego, e non foi o único, que "optou polo lobo, non polas ovellas".



Ilustración de Gosia Trebacz